

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa o teu emprego: Programa de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastorno mental.

Entidade executante

Asociación Albores saúde mental (www.albores.org).

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Lugo (Monforte de Lemos ,A Pobra Brollón e Sober).

Persoas destinatarias

Está dirixido ás persoas con trastorno mental severo de entorno rural e ás súas familias.

Obxectivos

Obxectivo xeral:

O programa ten como finalidade facilitar a incorporación sociolaboral, mediante a mellora da empregabilidade e o mantemento do emprego.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a adquisición e mantemento de habilidades de busca activa de emprego.
- Favorecer a adquisición e mantemento de competencias transversais para o emprego.
- Facilitar a integración das persoas con enfermidade mental na formación para o emprego /obradoiros de emprego normalizados .
- Disminuir o malestar, sobreprotección e criticismo na unidade de convivencia.

Metodoloxía

Caracterizada polo traballo en rede, coordinación, colaboración , complementariedade, pola accesibilidade , interdisciplinaria e un modelo de intervención e acompañamento : o empoderamento.